



Branca Trigo: «A Residencia Mariñán permitiume sentirme poeta e non autónoma»

[Paula Cermeño](#)

29 de maio de 2025

<https://amovida.gal/branca-trigo-a-residencia-marinan-permitiume-sentirme-poeta-e-non-autonoma/>

Poeta vinculada a numerosas disciplinas como a regueifa, a pintura e a música, Branca Trigo (Vigo, 1997) codirixe desde 2021 o selo independente Malafera, especializado en poesía e *fanzines*. Acaba de ser galardoada co XVIII Premio de Poesía Concello de Carral polo poemario *Especies invasoras* e recentemente participou na Residencia Artística Mariñán, organizada pola Deputación da Coruña, unha estancia de doce días no pazo homónimo de Bergondo, onde desenvolveu o proxecto *Mandrágora*.

Fuches seleccionada para participar na Residencia Artística Mariñán. En que consiste o proxecto que desenvolviches alí?

Mandrágora é un recital con participación do público e un *fanzine*. A proposta implica o público facendo ritmos ou debuxos de plantas medicinais. O nome vén da planta *Mandragora*, relacionada coas bruxas e da que se di que berra cando a arrincas da terra. Concibín o proxecto para poder rematalo nos doce días de residencia.

O oficio de escritora sempre se describe como solitario. Como influíu a socialización con máis artistas durante o proceso creativo?

Influíu moitísimo. Foi radicalmente oposto a como acostumo traballar. Pensei que me custaría concentrarme, e si que escribín menos texto en cantidade, pero en canto a inspiración e notas foi moito máis.

Lembras conversas ou contactos especialmente inspiradores durante a residencia?

Si, as dúas persoas convidadas foron moi inspiradoras. **Emma Pedreira** dedicou a sesión ás bruxas, tema central do meu traballo, e leunos o tarot, fixemos unha *ouija*, escribimos versos sobre as liñas da man e paseamos polo xardín sinalando as plantas medicinais. Con **Brais Arribas** falamos de posthumanismo. Estivemos todas deitadas na herba escoitándoo falar e debatendo sobre filosofía; de novo, unha experiencia moi distinta á de ler soa na casa. Co que máis quedo

é coas conversas coas compañeiras na sobremesa, que se alongaban horas e acababamos falando de todo.

E a contorna física do pazo Mariñán consideras que influíu no traballo?

Para empezar, influíu en que pedise a residencia, pois visiteino uns meses antes e quedei fascinada. Unha vez alí, sorprendeume moito o aspecto sonoro. Está nunha marisma, sen tráfico e rodeado de aves mariñas, polo que todo o día e toda a noite estás inmersa nunha paisaxe fermosísima e escoitando paxaros.

Que cres que achegan estas residencias ao tecido cultural galego?

Achegan comunidade, algo moi difícil de conseguir hoxe en día. Cremos que vivimos conectadas grazas ás redes, pero non é o mesmo que a convivencia persoal. Tamén achegan circunstancias materiais; por exemplo, non tiven que pensar en cociñar ou facer facturas. Deixas de lado as pequenas tarefas que quitan tempo da creación e sénteste realmente poeta e non autónoma.

Empezaches a escribir moi nova e gañaches o teu primeiro premio con só doce anos. Cando soubeches que querías dedicarte á poesía e como foron eses primeiros pasos?

Sempre souben que quería facer algún tipo de arte, pero que sería a poesía sóubeno hai catro ou cinco anos. Crecín nunha familia artística: o meu pai é ilustrador e pintor, a miña nai era encadernadora artesanal; a min tocábame ser escritora. De feito, con sete anos escribín o contíño *La cosa negra que pasó por mi ventana* —aí aínda era castelanfalante—, o meu pai ilustrouno e publicouno unha editorial. Na adolescencia escribín pouco, inclineime máis pola música, e volvíu escribir ao entrar na carreira de Ciencias da Linguaxe. Realmente a falta de recursos económicos para elixir outra universidade tivo moito que ver na escolla. De vivir en Pontevedra, probablemente agora estaría pintando cadros.

Creciches en castelán, pero tomaches a decisión de falar e escribir en galego. Cal foi a motivación?

Empecei a falar galego en primeiro de bacharelato, influenciada por unha profesora e as súas clases de sociolingüística. Para min foi unha resposta ligada á identidade, ao arraigamento con Galicia, unha resposta para ser consciente da tradición de opresión que viviron a miña avoa, a miña nai, a miña bisavoa. E dicir, «isto que falo agora e sinto como meu é o resultado de moitos anos de opresión». Tamén galeguicei o meu nome, empecei a usar «Branca» ao comezar a carreira e cambiei o nome no DNI hai un mes, aínda que na casa sempre serei Blanca e non me molesta.

Es coeditora, xunto a Alfredo Vázquez, do selo independente Malafera. Cal é a súa filosofía?

Malafera naceu para autoeditar *Coñecemento do Medo*, o meu primeiro poemario, porque tiña moi clara a estética que quería darlle e prefería ilustralo e editalo eu mesma. Son bastante maniática co deseño gráfico e as tipografías dos libros. Tamén era consciente de que había moitas persoas escribindo cousas que non encaixaban no sistema tradicional e gustounos a idea de ser «casa» para quen o precise e queiramos ver en papel. Levamos desde 2021 e temos só oito libros publicados. Creo que en Galicia ás veces se publica demasiado, desde logo máis do que se le, e presúmese do número de títulos, non da calidade. Nós non vivimos de Malafera, polo que non temos metas de produtividade.

Un dos sinais de identidade de Malafera é que editades *fanzines*. Que vos atrae deste formato?

Varias cousas, pero sobre todo o prezo e que non precisa de papelame, xa que non ten ISBN. Tamén é moi flexible. Eu precisaba ter isto [sinala un exemplar de *Mandrágora* sobre a mesa] impreso o martes e baixei á copistería do barrio o luns. Teño guillotinado e grampado eu mesma algúns exemplares na casa.

O teu traballo ten relación con outras disciplinas como a música, as artes plásticas e os videoxogos. Como se manifestan estas conexións na túa obra? Están integradas de forma consciente?

A primeira vez que unín música e palabra xurdiu da necesidade de sacar partido ao que sei facer. Sei recitar e tocar a frauta, así que vou facer as dúas cousas á vez porque teño un recital dunha hora e necesito encher tempo. Despois dun par de xogadas dese estilo para saír do paso, si que comezaron a xurdir ideas máis artelladas. Hai dous anos creei xunto a **Pablo Rodríguez** o espectáculo *Poetry sniping: Simulacro* por encargo do Consello da Cultura Galega, no que el fixo a música; e co meu pai [**Ramón Trigo**] temos un espectáculo no que el pinta en vivo mentres eu recito e toco a frauta.

Recentemente fuches galardoada co XVIII Premio de Poesía Concello de Carral pola obra *Especies invasoras*.

A forma do poemario está influída polas limitacións técnicas e vitais; escribino traballando de teleoperadora, entre chamada e chamada. Os versos relaciónanse dependendo do tempo que tiña. Ten dúas partes: unha ruta a través dunha casa que é tamén un corpo e «A Misa do can», ligada á poesía ritual. Os animais, o corpo e as tripas son temas recorrentes na miña poesía. Para min, un premio é comprar tempo para escribir, pois significa que non teño que traballar na hostalería este verán.

Como ves o panorama actual da poesía nova en Galicia?

Creo que estamos nun momento bastante bo, están saíndo moitas voces interesantes. Con todo, esas voces atópanse moito máis illadas que antes. Custa chegar unhas ás outras e faltan espazos para xuntarse fisicamente, quizais pola precariedade. Cada vez os salarios son máis baixos, os pisos máis caros, e precisamos traballar máis. Onde queda o tempo para reunirse coas amigas, tomar un café e falar do libro que estás lendo?